

Nunha cabana perdida nun fermoso bosque vivían sete leñadores. Cortaban árbores e despois enviaban os troncos á cidade deixándoos flotar nas augas do río. Cando souberon que as sete lavadeiras se acercaban a aqueles paraxes sorriron burlóns:

- ¡Agora veremos quen se asusta de quen!

E dispuxéronse a preparar ás mulleres unha pequena sorpresa. Os leñadores emporcalláronse e afeáronse todo o posible. Alborotáronse os pelos da cabeza e a barba e enzoufáronse cunha mestura de barro e borra. Mancháronse todo o corpo: a cara, as mans e a roupa. Logo aprenderon a ouvear como bestas feroces.



Pouco despois as sete lavadeiras, a cabra e o carrmato comezaron a subir o escarpado sendeiro da montaña. De repente, nunha curva do camiño, detívolles un terrorífico espectáculo. A cabra encabritouse e as sete lavadeiras estiveron a punto de iniciar un veloz retroceso. Pero Pepiña descubriu en seguida o engano. Non tiñan nada que temer: só estaban ante as criaturas máis increíblemente cochas e noxentas do mundo.

- ¡Adiante, mulleres! ¡Ao ataque! - gritou Robustiana. ¡Recordade que sodes lavadeiras!

E saltando fora do carro atraparon aos sete espantallos.



Somerxéronos na auga do río, humedecéronos ben, estrulláronos. Logo os sacudiron sobre grandes pedras, aclaráronos e escorréronos. Por último, tendéronos ao sol para que secan.



Os leñadores saíron desta operación de lavado máis limpos e relucintes do que estiveran nunca nas súas vidas.

Pola súa parte, as lavadeiras sentíanse moi orgullosas do seu traballo. Ademais, cando apareceron as verdadeiras caras dos leñadores baixo a capa de barro e borra, descubriron a uns rapaces bastante guapos.

As lavadeiras non volveron nunca máis a casa de don Leopoldo Branco. Casaron cos sete leñadores, que construíron outras tantas fermosas cabanas.

Agora, se vos aventurades polos escarpados sendeiros que soben á montaña, poderedes velos a todos xuntos. Lavan a roupa, cortan troncos, xogan cos nenos e viven apaciblemente: son felices.

John Yeoman



A rebelión das lavadeiras

Adaptación da obra de John Yeoman con ilustracións de Quentin Blake
(traducción o castelán: Miguel A. Diéguez) - EDICIONES ALTEA - ALFAGUARA



8 DE MARZO DE 2007 Día Da Muller Traballadora

BIBLIOTECA C.E.I.P. DE PALMEIRA



Houbo unha vez, longo tempo atrás, sete lavandeiras. Cada día ían á beira do río coas súas cestas de roupa sucia sobre a cabeza. Chamábanse Mariana, Robustiana, Benta, Paquiña, Pepiña, Adela e Carmela. As sete entendíanse moi ben.

Cando chegaban ao río descargaban a roupa, separábana e afundíana na auga. Deixábana un pouco para que humedecera e logo enxaboábana. Despois sacudíana sobre grandes pedras, aclarábana e escorríana. Por último, tendíana a secar sobre os matos e as rochas. En varias leguas á redonda non existían mellores lavandeiras.

Pero elas non se sentían felices porque o dono da lavandería, don Leopoldo Branco, era un homiño agarrado que as facía traballar sen descanso de sol a sol.

Todas debían levantarse ao amencer para pasarlle o ferro á roupa xa limpa, antes de recibir a sucia de cada día.

E cando a roupa chegaba nun pequeno carrmato tirado por unha cabra, Gaspar, o repartidor, dicía invariablemente:

- Síntoo, señoras, pero hoxe hai máis roupa que onte.



Un día que as lavandeiras observaban desanimadas a montaña de roupa que acababan de recibir comprenderon, de repente, que se estaba abusando delas.

Unanimemente suspiraron apesaradas á vista de tantos trapos sucios, tantos panos dos mocos repugnantes, calcetíns noxentos, camisóns roñosos, manteis callados de manchas, panos da mesa infectos.

- ¿E se o deixáramos todo? - suxeriu timidamente Mariana.

As caras animáronse.

- ¡Que boa idea! - exclamou Paquiña rindo.

E arroxou unha camisa cuberta de cotra á montaña de roupa sucia.

- ¿Cómo non o pensamos antes? - murmurou entusiasmada Benta.

E todas se puxeron a bailar.

Pero, repentinamente, abriuse a porta e apareceu don Leopoldo Branco, seguido do mozo Gaspar.

- ¡Imos, imos, señoras! Teñen moito traballo que facer - dixo con aire ameazador.

Logo volveuse cara a enorme montaña de roupa.



- ¡Magnífico! - exclamou refregando as mans. ¡Nunca vira tanta!

Estas palabras espertaron de tal modo a cólera de Robustiana que berrou as súas compañeiras:

- ¡Estupendo, amigas! Se tanto lle gusta a súa roupa, imos darlla e que lle aproveite.

As sete mulleres empuxaron a montaña de roupa ata que se derrubou sobre don Leopoldo Branco. E mentres el abaneaba as man para librarse de aquela masa de suciedade, as lavandeiras fóronse a todo correr.

Subiron ao carrmato e Carmela apoderouse das rendas.

- ¡Arre! ¡Arre! - gritou á cabra Ruza.

As lavandeiras estaban tan excitadas pola súa fuxida que atravesaron coma frechas o estanque do xardín público, salpicando de auga e barro os impecables traxes dos paseantes.

Dende aquel momento, nada conseguiu detelas.

Lanzáronse sobre a praza do mercado, derrubaron os postos e soltaron aos animais para que volveran ser libres.

Entraron en todos os hortos, subíronse ás árbores cargadas de froita e comeron canto lles apeteceu.

Na súa incontible fuxida caeron sobre a tenda dun sombreireiro e desvalixárona.

Invadiron as igrexas e, unha noite, espertaron a toda a veciñanza: provocaran un infernal estrépito ao bambearse coas cordas das campás.

A súa nova vida divertíaa de tal modo que non sentían o menor desexo de deterse. E, día tras día, multiplicaban os seus atropelos.

Non fai falta mencionar que o seu duro oficio de lavandeiras desenrolara enormemente os seus músculos.

Todos aqueles que intentaron detelas acabaron moi mal... En todas partes as temían.

Os habitantes de cada pobo construíron torres dende as que os vixiantes gritaban se vían aparecer o carrmato no horizonte:

- ¡Alerta! ¡Alerta! ¡As locas están aquí!

